

# MANUAL DE USO

Traballar co programa **EDILIM** é moi sinxelo, trátase dun programa totalmente intuitivo. Non sería preciso un «Manual de Uso» no que se especifique con linguaxe apropiada, para o nivel do alumnado, as pautas de utilización de dito material.

Por defecto, o programa xa trae as pautas que o alumnado debe seguir. Mostraremos algunhas delas, para resolver calquera tipo de dúbida que puidera surxir:

- En cada páxina do libro, sempre aparecerá un enunciado na parte superior, que indicará a tarefa a realizar en cada actividade. Noutras, aparecerán ademáis indicacións na parte inferior, como emprego de tiles, maiúsculas, posibilidade de reproducir sons...

- Na parte inferior dereita, aparecerán unhas frechas para avanzar e retroceder no libro. Xunto a éstas, aparecerá un símbolo de avaliación para comprobar se a actividade foi realizada con éxito.

- Atoparemos tamén unha ligazón para cambiar de unidade didáctica.

- Na parte superior atoparemos unha barra con tres funcións. Un para imprimir a páxina na que nos atopamos, outro para actualizar a páxina, que facilitaría borrar o que se fixo ata o momento e comenzar de novo e, a última función, sería unha ligazón para poñer o número de páxina á que se desexe ir sen necesidade de ir unha a unha.

- Na parte superior esquerda atoparemos un boton con tres funcións. Un para silenciar os sonidos, outro para comprobar os créditos empregados na unidade e outro, para poñer en pantalla completa.

